


# Innovación<sup>∞</sup>

26 → 28 Marzo 2025



## CONGRESO DE INNOVACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL **2025**



XUNTA  
DE GALICIA





© 2025, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
1ª Edición 2025

Edita:

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 - Santiago de Compostela

Innovación<sup>∞</sup>



## Contido//Contenido

<b>Benvida</b>	<b>07</b>	<b>Bienvenida</b>
<b>Xornada formativa</b>	<b>09</b>	<b>Jornada formativa</b>
Programa	11	Programa
<b>Zona expositiva</b>	<b>15</b>	<b>Zona expositiva</b>
Plano	19	Plano
Proxectos de Innovación	23	Proyectos de Innovación
Proxectos de Emprendemento	65	Proyectos de Emprendimiento
Obradoiros	89	Talleres



# Benvida//Bienvenida

Os constantes cambios tecnolóxicos e sociais, que se suceden a un ritmo vertixinoso hoxe, requiren dunha sociedade dotada de todos os recursos necesarios para poder dar unha resposta rápida e áxil a grandes retos, que son xa inmediatos.

A necesidade de atender a demanda dos sectores produtivos leva ás Administracións públicas, e en concreto á Xunta de Galicia, á posta en marcha de plans de actuación sólidos, ambiciosos e ben coordinados cos axentes implicados. O Plan Conecta FP Galicia ou o recentemente presentado Plan FPGal360 son unha mostra da aposta decidida deste goberno por seguir avanzando na colaboración público-privada, na innovación e na investigación aplicada, e na orientación profesional como vías fundamentais para acadar este obxectivo.

O Congreso de Innovación da Formación Profesional consolídase, ano tras ano, a nivel autonómico e nacional como un encontro referente onde abordar os desafíos aos que nos enfrentamos, e como unha mostra da fortaleza da Formación Profesional Galega.

Ao longo dos tres días que dura o congreso, os asistentes poderán coñecer de primeira man as oportunidades que ofrece a Intelixencia Artificial, reflexionarán sobre a importancia da innovación e da busca de novas vías para facilitar a cualificación das persoas traballadoras, entre outros ámbitos clave no futuro da capacitación laboral.

Será tamén unha boa oportunidade para coñecer os 38 proxectos de innovación aplicada desenvoltos conxuntamente entre os centros

Los constantes cambios tecnológicos y sociales, que se suceden a un ritmo vertiginoso hoy, requieren una sociedad dotada de todos los recursos necesarios para poder dar una respuesta rápida y ágil a grandes retos, que son ya inmediatos.

La necesidad de atender la demanda de los sectores productivos lleva a las Administraciones públicas, y en concreto a la Xunta de Galicia, a la puesta en marcha de planes de actuación sólidos, ambiciosos y bien coordinados con los agentes implicados. El Plan Conecta FP Galicia o el recientemente presentado Plan FPGal360 son una muestra de la apuesta decidida de este gobierno por seguir avanzando en la colaboración público-privada, en la innovación y la investigación aplicada, y en la orientación profesional como vías fundamentales para alcanzar este objetivo.

El Congreso de Innovación de la Formación Profesional se consolida, año tras año, a nivel autonómico y nacional como un encuentro referente donde abordar los desafíos a los que nos enfrentamos, y como una muestra de la fortaleza de la Formación Profesional Gallega.

A lo largo de los tres días que dura el congreso, los asistentes podrán conocer de primera mano las oportunidades que ofrece la Inteligencia Artificial, reflexionarán sobre la importancia de la innovación y de la búsqueda de nuevas vías para facilitar la cualificación de las personas trabajadoras, entre otros ámbitos clave en el futuro de la capacitación laboral.

educativos e o sector produtivo, ademais de participar dos 17 proxectos de emprendemento levados a cabo polo alumnado.

Desexamos que, un ano máis, este encontro contribúa ao avance da Formación Profesional e á súa conexión co futuro alumnado e cos sectores produtivos.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

Será tamén una buena oportunidade para conocer los 38 proyectos de innovación aplicada desarrollados conjuntamente entre los centros educativos y el sector productivo, además de participar de los 17 proyectos de emprendimiento llevados a cabo por el alumnado.

Deseamos que, un año más, este encuentro contribuya al avance de la Formación Profesional y a su conexión con el futuro alumnado y con los sectores productivos.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades y Formación Profesional



**Xornada  
formativa**

Jornada  
Formativa

Innovación<sup>∞</sup>



# Programa

VII CONGRESO DA INNOVACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL  
FP INNOVA 2025

**10:00h** Sesión inaugural.

## **Inauguración institucional Xunta de Galicia**

- Don Antonio Monteagudo López, *responsable do centro de experimentación en voo de sistemas aeropropulsados Indra.*
- Dona Carla Chawla Fidalgo, *directora de Cimentacións e plataformas offshore Navantia Seanergies.*

**11:15h** Mesa redonda:

## **Innovando cara a FP do segundo cuarto do século XXI**

- Dona Marta Armendia Santos, *directora xeral de FP da Comunidade Valenciana.*
- Don Francisco Rodríguez Machado, *viceconselleiro de FP e cualificacións profesionais de Canarias.*
- Dona María Isabel Salas Sánchez, *directora xeral de FP de Baleares.*
- Dna. M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández, *directora xeral FP de Galicia.*

**12:00h** Pausa-café

**12:30h** Relatorio:

## **Tecnoloxías inmersivas e intelixencia artificial xenerativa na FP Galega**

- Dona María Jesús Carnero Gómez. *Directora do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.*

**13:00h** Mesa redonda:

## **Programa ARA Empresa: Acreditación de competencias colectivas**

- Dona Andrea Varela Saavedra, *Directora Corporativa de Estratexia e Proxectos en DomusVi España.*
- Don Santiago Martín García, *director general de Armón Vigo.*
- Don Jesús Manuel Rodríguez Buján, *subdirector xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional, Xunta de Galicia.*

**13:45h** Xantar/ Visita á exposición de proxectos

**16:15h** Obradoiro:

**IA xenerativa en acción. Crea a túa primeira aplicación con Partyrock sen coñecementos de programación.**

- Don Javier Martínez Nohales (*Amazon Web Services*)
- Don Carlos Luengo (*Amazon Web Services*)
- Don Iñaki Bilbao (*Amazon Web Services*)

**17:45h** Pausa-café

**18:00** Relatorio:

**A IA como motor da Innovación educativa.**

- Don Carles Sierra, *Director del Instituto de Investigación en Inteligencia Artificial (IIIA) del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).*

**18:45h** Mesa redonda:

**Innovación e internacionalización**

- Dona María José Rodríguez Malmierca, *responsable de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).*
- Dona Lucía Fraga Lago, *coordinadora da área de formación do Centro tecnolóxico do Mar ( CETMAR).*
- Dona Pilar Tallón Silvosa, *viceirectora do CIFP Carlos Oroza e coordinadora do proxecto TourVet.*
- Dona Cristina Lesta Íñiguez, *subdirectora xeral de Innovación Profesional e Coordinación co sistema Produtivo, Xunta de Galicia.*

**19:30h** Clausura

# Programa

VII CONGRESO DE LA INNOVACIÓN DE LA FORMACIÓN PROFESIONAL  
FP INNOVA 2025

- 10:00h** Sesión inaugural.  
**Inauguración institucional Xunta de Galicia**  
→ Don Antonio Monteagudo López, *responsable del centro de experimentación en vuelo de sistemas aeropulsados Indra.*  
→ Doña Carla Chawla Fidalgo, *directora de Cimentaciones y plataformas offshore Navantia Seanergies.*
- 11:15h** Mesa redonda:  
**Innovando hacia la FP del segundo cuarto del siglo XXI**  
→ Doña Marta Armendia Santos, *directora general de FP de la Comunidad Valenciana.*  
→ Don Francisco Rodríguez Machado, *viceconsejero de FP y cualificaciones profesionales de Canarias.*  
→ Doña María Isabel Salas Sánchez, *directora general de FP de Baleares.*  
→ Dña. M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández, *directora general FP de Galicia.*
- 12:00h** Pausa-café
- 12:30h** Relatorio:  
**Tecnologías inmersivas e inteligencia artificial generativa en la FP Gallega**  
→ Doña María Jesús Carnero Gómez. *Directora del Centro Gallego de la Innovación de la Formación Profesional.*
- 13:00h** Mesa redonda:  
**Programa ARA Empresa: Acreditación de competencias colectivas**  
→ Doña Andrea Varela Saavedra, *Directora Corporativa de Estrategia y Proyectos en DomusVi España.*  
→ Don Santiago Martín García, *director general de Armón Vigo.*  
→ Don Jesús Manuel Rodríguez Buján, *subdirector general de Cualificaciones, Planificación y Gestión de la Formación Profesional, Xunta de Galicia.*

**13:45h** Comida / Visita a la exposición de proyectos

**16:15h** Taller:

**IA generativa en acción. Crea tu primera aplicación con Partyrock sin conocimientos de programación.**

- Don Javier Martínez Nohales (*Amazon Web Services*)
- Don Carlos Luengo (*Amazon Web Services*)
- Don Iñaki Bilbao (*Amazon Web Services*)

**17:45h** Pausa-café

**18:00** Relatorio:

**La IA cómo motor de la Innovación educativa.**

- Don Carles Sierra, *Director del Instituto de Investigación en Inteligencia Artificial (IIIA) del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).*

**18:45h** Mesa redonda:

**Innovación e internacionalización**

- Doña María José Rodríguez Malmierca, *responsable de e-learning del Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).*
- Doña Lucía Fraga Lago, *coordinadora del área de formación del Centro tecnológico del Mar ( CETMAR).*
- Doña Pilar Tallón Silvosa, *viceirectora del CIFP Carlos Oroza y coordinadora del proyecto TourVet.*
- Doña Cristina Lesta Íñiguez, *subdirectora general de Innovación Profesional y Coordinación con el sistema Productivo, Xunta de Galicia.*

**19:30h** Clausura



# Zona Expositiva

Innovación<sup>∞</sup>



**O** congreso conta cunha zona expositiva de máis de 4.000 m<sup>2</sup>, distribuída nas plantas -1 e 0 do Museo Centro Gaiás, onde conflúen a innovación, o emprendemento, a formación e o sector produtivo.

Neste espazo, os asistentes terán a oportunidade de:

- Coñecer a innovación aplicada que os centros de Formación Profesional de Galicia están a desenvolver en colaboración con empresas e outras institucións, a través dos 38 proxectos de innovación que abranguen as tecnoloxías máis punteiras do panorama actual.
- Explorar a relación entre innovación e emprendemento, a través dunha mostra de 17 proxectos de emprendemento desenvolvidos por alumnado e profesorado de Formación Profesional no marco do Programa de Emprendemento no Sistema Educativo da Galicia, Eduemprende.
- Participar en obradoiros prácticos sobre realidade virtual e aumentada, ciberseguridade, intelixencia artificial, desenvolvemento de videoxogos, impresión 3D e biotecnoloxía, entre outros.

**E**l congreso cuenta con una zona expositiva de más de 4.000 m<sup>2</sup>, distribuida en las plantas -1 y 0 del Museo Centro Gaiás, donde confluyen la innovación, el emprendimiento, la formación y el sector produtivo.

En este espacio, los asistentes tendrán la oportunidad de:

- Conocer la innovación aplicada que los centros de Formación Profesional de Galicia están desarrollando en colaboración con empresas y otras instituciones, a través de los 38 proyectos de innovación que abarcan las tecnologías más punteras del panorama actual.
- Explorar la relación entre innovación y emprendimiento, a través de una muestra de 17 proyectos de emprendimiento desarrollados por alumnado y profesorado de Formación Profesional en el marco del Programa de Emprendimiento en el Sistema Educativo de Galicia, Eduemprende.
- Participar en talleres prácticos sobre realidad virtual y aumentada, ciberseguridad, inteligencia artificial, desarrollo de videojuegos, impresión 3D y biotecnología, entre otros.

---

# Planta -1

Innovación<sup>∞</sup>

---

- 1 Innovación no sector da Hostalería
- 2 FPB Healthy Van
- 3 Digital tasting
- 4 Elaboración artesanal de bebidas refrescantes sostibles
- 5 Restauración verde: ReciclaXe enerxética por unha cociña máis saudable
- 6 Receptrónica: Robótica, IA e realidade estendida na recepción hoteleira
- 7 Innovación no sector Aeronáutico
- 8 SUNWIND. Estación de traballo móbil
- 9 Bomba de calor aerotérmica avanzada: Optimización e eficiencia a 90°C
- 10 3D-RECOPLAS: Sistema de impresión 3D para reciclaXe ecolóxica de plástico
- 11 CNC gravador con software libre
- 12 Innovación no sector da Construción e sostibilidade enerxética
- 13 Banco de ensaios para amortecedores: Dixitalización e análise dinámica
- 14 Sistema de tracción traseira de vehículos eléctricos con dous motores en roda
- 15 Simulador hidráulico de escavadora
- 16 Maqueta de vehículo de pila de combustible con xeración de hidróxeno a partir de aluminio
- 17 E-mobilidade STEM FP
- 18 CAROTALI: Modificación xenética de lévedos para a produción de β-caroteno
- 19 Innovación no sector da Química
- 20 Recuperación e atemperado da gaita porteña e outras gaitas de chaves galegas
- 21 Follow me 5.0
- 22 Materiais universais para estimulación sensorial
- 23 Análise da calidade do aire a través de bioindicadores
- 24 Biomateriais sostibles, de residuos orgánicos a bioplásticos e biofilms
- 25 Innovación no sector Sanitario
- 26 Biomobiliar: Mobles sostibles con ecorresinas e madeira
- 27 ORTI\_table: Experiencia multisensorial a través de mobiliario intelixente
- 28 Plataforma isoinerxial
- 29 CultivaEduca
- 30 Ergoprotect
- 31 Agricultura de precisión en cultivos galegos km 0
- 32 Simulación loxística: Maqueta e software Odoos para xestión de almacén
- 33 Retos 5G
- 34 Realidade mixta: Innovando na xestión de medicamentos
- 35 Simulador de cabina de seguridade biolóxica: Adestramento en realidade estendida e multiusuario
- 36 Banco de probas hidráulicas: Formación práctica para mantemento de instalacións
- 37 Mantemento 4.0 para sistemas de transmisión industrial
- 38 Intelligene picking: Automatización de almacéns mediante robótica móbil e IA



- Zona descanso
- Proxectos e aulas
- Camiño á innovación
- FP Stand Formación Profesional


---

# Planta 0

Emprendemento<sup>∞</sup>

---

- 1 Floutin City
- 2 Sistema de autolimpeza para reixas de fosas sépticas
- 3 Coidado activo e preventivo de persoas maiores
- 4 Colección textil reciclada
- 5 Peinouro Cosmética
- 6 Gardafungos
- 7 Contrampa
- 8 Alfaia de arxila
- 9 InspirArte
- 10 OLAgrama
- 11 FotoInnovArt3D
- 12 A mochila científica
- 13 Cala e fala
- 14 Nena do Demo Films
- 14 Ondamar Films
- 14 Producciones Luart
- 15 Mõka Galicia
- 15 SPECIALIZEDRON
- 16 A Coruña desde o mar
- 17 Plantas In Vitro



- Zona descanso
- Proxectos e aulas





**Proyectos  
innovación**

Proyectos  
innovación

Innovación<sup>∞</sup>



**A** innovación e a investigación aplicada signos de identidade da Formación Profesional galega constitúen os eixes centrais deste Congreso. A posta en marcha de iniciativas que fomentan a innovación e promoven a colaboración co sector produtivo, mellorando procesos e servizos, resultan esenciais.

O Plan Innova FP para o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e emprendemento na FP galega, contribuiu a implementar programas específicos que poñen en valor o talento do alumnado da FP potenciando as iniciativas emprendedoras que revertan I+D+i ao noso tecido produtivo, situando á persoas como centro das actuacións.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén desenvolvendo desde o ano 2013 convocatorias anuais de premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional. Neste período desenvolvéronse un total de 360 proxectos, nos que participaron ao redor de 450 empresas e outras entidades como grupos de investigación, asociacións ou colexios profesionais.

A continuación recóllense os proxectos de innovación que se expoñen en FP Innova 2025.

**L**a innovación y la investigación aplicada signos de identidad de la Formación Profesional gallega constituyen los ejes centrales de este Congreso. La puesta en marcha de iniciativas que fomentan la innovación y promueven la colaboración con el sector produtivo, mejorando procesos y servicios, resultan esenciais.

El Plan Innova FP para el impulso de líneas de actuación que avancen en la innovación, investigación aplicada y emprendimiento en la FP gallega, contribuyó a implementar programas específicos que ponen en valor el talento del alumnado de FP potenciando las iniciativas emprendedoras que revierten I+D+i a nuestro tejido produtivo, situando a las personas como centro de las actuaciones.

La Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional publica desde el año 2013 convocatorias anuales de premios para el desarrollo de proxectos de innovación tecnolóxica o científica y proxectos de innovación didáctica en el ámbito de la Formación Profesional. En este período se desarrollaron un total de 360 proxectos, en los que participaron alrededor de 450 empresas y otras entidades como grupos de investigación, asociaciones o colexios profesionais.

A continuación se recogen los proxectos de innovación que se exponen en FP Innova 2025.



# IN 01

## Innovación no sector da hostalaría Innovación en el sector de la hostelería

### Síntese do proxecto

Innovación no sector da hostalaría, no eido dos Servizos de restauración e de alimentación saudable. O proxecto engloba, dunha banda, tecnoloxía aplicada ás especialidades de coctelería, barismo, mixoloxía e sumillería, integrando tecnoloxías avanzadas con metodoloxías (ABR) que promovan a creatividade e provean sinerxías co sector empresarial. Doutra banda, o deseño de oferta gastronómica saudable para unha máquina expendedora de comida de V gama, elaborada con produtos de proximidade, con unha oferta adaptada á comunidade

### Obxectivos

- Transformar a formación en servizos de restauración, creando un entorno de aprendizaxe innovador que permita ao alumnado e profesorado adquirir as competencias necesarias para afrontar os desafíos do sector nun entorno dixital e altamente especializado.
- Proporcionar unha alternativa alimentaria saudable e accesible a través dunha máquina expendedora de comida de quinta gama, elaborada con produtos locais e adaptada aos hábitos de consumo actuais.

### Centros educativos

- CIFP Carlos Oroza, Pontevedra
- CIPFP Camino de Santiago
- CIPFP Hurtado de Mendoza
- CIFP San Cristóbal
- CIFP Hostelería y Turismo de Gijón
- CIFP Gamarra
- CIFP Leioa
- CIFP Juniper Serra

### Entidades colaboradoras

- Coesco Deza - Culinaria

### Familia profesional

- Hostalaría e turismo

### Participantes

**Persoas coordinadoras**  
Valentina Vázquez Lores  
Francisco Rodríguez Prieto

### Participantes

Alumnado e profesorado de Hostalaría e turismo

### Máis información

[cifp.carlos.oroza@edu.xunta.gal](mailto:cifp.carlos.oroza@edu.xunta.gal)

### Síntesis del proyecto

Innovación en el sector de la hostelería, en el campo de los Servicios de restauración y de alimentación saludable.

El proyecto engloba, de una banda, tecnología aplicada a las especialidades de coctelería, barismo, mixología y sumillería, integrando tecnologías avanzadas con metodologías (ABR) que promuevan la creatividad y prueban sinergias con el sector empresarial. Por otro lado, el diseño de oferta gastronómica saludable para una máquina expendedora de comida de V gama, elaborada con productos de proximidad, con una oferta adaptada a la comunidad.

### Objetivos

- Transformar la formación en servicios de restauración, creando un entorno de aprendizaje innovador que permita al alumnado y profesorado adquirir las competencias necesarias para enfrentar los desafíos del sector en un entorno digital y altamente especializado.
- Proporcionar una alternativa alimentaria saludable y accesible a través de una máquina expendedora de comida de quinta gama, elaborada con productos locales y adaptada a los hábitos de consumo actuales.

### Centros educativos

- CIFP Carlos Oroza, Pontevedra
- CIPFP Camino de Santiago
- CIPFP Hurtado de Mendoza
- CIFP San Cristóbal
- CIFP Hostelería y Turismo de Gijón
- CIFP Gamarra
- CIFP Leioa
- CIFP Juniper Serra

### Entidades colaboradoras

- Coesco Deza - Culinaria

### Familia profesional

- Hostelería y turismo

### Participantes

**Personas coordinadoras**  
Valentina Vázquez Lores  
Francisco Rodríguez Prieto

### Participantes

Alumnado y profesorado de Hostelería y turismo

### Más información

[cifp.carlos.oroza@edu.xunta.gal](mailto:cifp.carlos.oroza@edu.xunta.gal)

# IN

---

## 02

### FPB Healthy Van

### FPB Healthy Van

#### Síntese do proxecto

Creación dunha aula móbil de cociña e restauración que pretende implicar o alumnado de FP de grao básico de Cociña e Restauración na divulgación da alimentación saudable e sostible en centros de ensino infantil e primaria.

#### Obxectivos

- Diseñar unha foodtruck enerxeticamente optimizado, empregando paneis solares para reducir o consumo eléctrico.
- Promover a alimentación saudable nos centros educativos.

#### Centros educativos

- CIFP Manuel Antonio
- CIFP Compostela
- CEE Saladino Cortizo
- CEIP Javier Sensat

#### Entidades colaboradoras

- Supermercados Gadis
- Kalekoi
- Leire Motor
- Carrocerías Tambre
- Hostelería, comercios y oficinas

#### Familia profesional

- Hostalaría e turismo
- Agraria
- Artes gráficas
- Industrias alimentarias

#### Participantes

##### Persoa coordinadora

Breogán Diéguez Ayán

##### Participantes

Alumnado e profesorado de Hostalaría e turismo, Agraria, Artes gráficas e Industrias alimentarias.

#### Máis información

[cifp.manuel.antonio@edu.xunta.gal](mailto:cifp.manuel.antonio@edu.xunta.gal)

#### Síntesis del proyecto

Creación de un aula móvil de cocina y restauración que pretende implicar al alumnado de FP de Grado básico de Cocina y restauración en la divulgación de alimentación saludable y sostenible en centros de enseñanza infantil y primaria.

#### Objetivos

- Diseñar una foodtruck energéticamente optimizado, empleando paneles solares para reducir el consumo eléctrico.
- Promover la alimentación saludable en los centros educativos.

#### Centros educativos

- CIFP Manuel Antonio
- CIFP Compostela
- CEE Saladino Cortizo
- CEIP Javier Sensat

#### Entidades colaboradoras

- Supermercados Gadis
- Kalekoi
- Leire Motor
- Carrocerías Tambre
- Hostelería, comercios y oficinas

#### Familia profesional

- Hostelería y turismo
- Agraria
- Artes gráficas
- Industrias alimentarias

#### Participantes

##### Persoa coordinadora

Breogán Diéguez Ayán

##### Participantes

Alumnado y profesorado de Hostelería y turismo, Agraria, Artes gráficas e Industrias alimentarias.

#### Máis información

[cifp.manuel.antonio@edu.xunta.gal](mailto:cifp.manuel.antonio@edu.xunta.gal)

# IN 03

## Digital tasting Digital tasting

### Síntese do proxecto

Dixitalización do procedemento de cata, substituíndo as fichas de recollida de datos en papel por un sistema dixital que permite almacenar, xestionar e transmitir os datos de xeito eficiente. Este sistema facilita a realización de catas simultáneas, transmitindo os datos en tempo real, para unha análise máis áxil e precisa.

### Obxectivos

- Desenvolver unha plataforma web e unha aplicación móbil para xestión de catas.
- Mellorar a experiencia de aprendizaxe, fomentando a participación activa do alumnado na cata de produtos.
- Substituír o papel por ferramentas dixitais para mellorar a xestión e a avaliación do proceso educativo.

### Centros educativos

- CIFP Compostela

### Entidades colaboradoras

- DOP Arzúa-Ulloa
- DOP San Simón da Costa
- DOP Queixo Tetilla
- IXP Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia
- IXP Mel de Galicia
- Axencia Galega da Calidade Alimentaria

### Familia profesional

- Hostalaría e turismo

### Participantes

#### Persoa coordinadora

Ramiro Esparís Sampedro

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Hostalaría e turismo.

### Máis información

[cifp.compostela@edu.xunta.gal](mailto:cifp.compostela@edu.xunta.gal)

### Síntesis del proyecto

Dixitalización del procedimiento de cata, substituíndo las fichas de recogida de datos en papel por un sistema digital que permite almacenar, gestionar y transmitir los datos de forma eficiente. Este sistema facilita la realización de catas simultáneas, transmitiendo los datos en tiempo real para un análisis más ágil y preciso.

### Objetivos

- Desarrollar una plataforma web y aplicación móbil para gestión de catas.
- Mejorar la experiencia de aprendizaxe, fomentando la participación activa y práctica del alumnado en la cata de productos.
- Substituir el papel por herramientas digitales para mejorar la gestión y evaluación del proceso educativo.

### Centros educativos

- CIFP Compostela

### Entidades colaboradoras

- DOP Arzúa-Ulloa
- DOP San Simón da Costa
- DOP Queixo Tetilla
- IXP Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia
- IXP Mel de Galicia
- Axencia Galega da Calidade Alimentaria

### Familia profesional

- Hostelería y turismo

### Participantes

#### Persona coordinadora

Ramiro Esparís Sampedro

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Hostelería y turismo.

### Máis información

[cifp.compostela@edu.xunta.gal](mailto:cifp.compostela@edu.xunta.gal)

# IN

---

## 04

### Elaboración artesanal de bebidas refrescantes sostibles

### Elaboración artesanal de bebidas refrescantes sostenibles

#### Síntese do proxecto

Elaboración artesanal de bebidas carbonatadas a partir de materias primas habituais na hostalaría, reduciendo desperdicios e fomentando a economía circular. O proxecto aposta por produtos naturais, sen colorantes nin saborizantes artificiais, preservando o sabor e o aroma dos ingredientes.

#### Obxectivos

- Desenvolver bebidas refrescantes sostibles evitando o uso de colorantes e saborizantes.
- Optimizar a formulación e o proceso produtivo mediante análises fisicoquímicas e sensoriais.
- Promover a economía circular e reducir o desperdicio alimentario na hostalaría.

#### Centros educativos

- CIFP Fraga do Eume
- CIFP Leixa

#### Entidades colaboradoras

- Café Veracruz
- Coca-Cola Europacific Partners

#### Familia profesional

- Hostalaría e turismo

#### Participantes

##### Persoa coordinadora

M.ª Olga Vizoso Arribe

##### Participantes

Alumnado e profesorado de Hostalaría e turismo e de Sanidade.

#### Máis información

[cifp.fraga.eume@edu.xunta.gal](mailto:cifp.fraga.eume@edu.xunta.gal)

#### Síntesis del proyecto

Elaboración artesanal de bebidas carbonatadas a partir de materias primas habituales en la hostelería, reduciendo desperdicios y fomentando la economía circular. El proyecto apuesta por productos naturales, sin colorantes ni saborizantes artificiales, preservando el sabor y aroma de los ingredientes.

#### Objetivos

- Desarrollar bebidas refrescantes sostenibles evitando el uso de colorantes y saborizantes.
- Optimizar la formulación y el proceso productivo mediante análisis fisicoquímicas y sensoriales.
- Promover la economía circular y reducir el desperdicio alimentario en la hostelería.

#### Centros educativos

- CIFP Fraga do Eume
- CIFP Leixa

#### Entidades colaboradoras

- Café Veracruz
- Coca-Cola Europacific Partners

#### Familia profesional

- Hostelería y turismo

#### Participantes

##### Persoa coordinadora

M.ª Olga Vizoso Arribe

##### Participantes

Alumnado y profesorado de Hostelería y turismo y de Sanidad.

#### Máis información

[cifp.fraga.eume@edu.xunta.gal](mailto:cifp.fraga.eume@edu.xunta.gal)

# IN 05

## Restauración verde: Reciclaxe enerxética por unha cocina máis saudable

## Restauración verde: Reciclaje energético por una cocina más saludable

### Síntese do proxecto

Deseño e fabricación dun sistema de recuperación da enerxía calorífica producida polas grellas para o queentamento da auga empregada en maquinaria de hostalaría, como cafeteiras ou lavalouzas.

### Obxectivos

- Optimizar a eficiencia enerxética do equipamento de cociña.
- Reducir o impacto ambiental dos equipamentos.
- Crear un recetario baseado no uso das grellas de forma saudable e económica.

### Centros educativos

- CIFP Paseo das Pontes
- EASD Antonio Faílde

### Entidades colaboradoras

- Advance Renewable Energy Service

### Familia profesional

- Hostalaría e turismo

### Participantes

#### Persoa coordinadora

Santiago Martínez Fernández

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Hostalaría e turismo.

### Máis información

[cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal](mailto:cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal)

### Síntesis del proyecto

Diseño y fabricación de un sistema de recuperación da enerxía calorífica producida por las parrillas para el calentamiento del agua empleada en maquinaria de hostelería, como cafeteras o lavavajillas.

### Objetivos

- Optimizar la eficiencia energética del equipamiento de cocina.
- Reducir el impacto ambiental de los equipos.
- Creación de un recetario basado en el uso de las parrillas de forma saludable y económica.

### Centros educativos

- CIFP Paseo das Pontes
- EASD Antonio Faílde

### Entidades colaboradoras

- Advanced Renewable Energy Service

### Familia profesional

- Hostelería y turismo

### Participantes

#### Persona coordinadora

Santiago Martínez Fernández

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Hostelería y turismo.

### Máis información

[cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal](mailto:cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal)

# IN

## 06

### Receptrónica: Robótica, IA e realidade estendida na recepción hoteleira

### Receptrónica: Robótica, IA y realidad estendida en la recepción hotelera

#### Síntese do proxecto

Desenvolvemento dunha recepción intelixente para establecementos turísticos, integrando realidade estendida, intelixencia artificial e robótica, para mellorar a experiencia da clientela e optimizar o traballo do persoal, facilitando procesos habituais e permitindo explorar servizos e recursos turísticos antes da súa vivencia.

#### Obxectivos

- Modernizar a recepción hoteleira con robótica, IA e realidade estendida.
- Optimizar a atención á clientela reducindo tempos de espera e personalizando servizos.
- Impulsar a innovación no sector turístico para mellorar a competitividade.

#### Centros educativos

- CIFP de Vilamarín
- CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel
- IES Plurilingüe Manuel Chamoso Lamas

#### Entidades colaboradoras

- Oca Hotel Vila de Allariz
- Phivehicle
- Binarial Automatización y Robotica
- Deputación Provincial de Ourense
- Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE)

#### Familia profesional

- Hostalaría e turismo
- Industrias alimentarias
- Informática e comunicacións
- Electricidade e electrónica
- Madeira, moble e cortiza

#### Participantes

##### Persoa coordinadora

Alba Quintás Aller

##### Participantes

Alumnado e profesorado de Hostalaría e turismo, Industrias alimentarias, Informática e comunicacións, Electricidade e electrónica e Madeira, moble e cortiza.

#### Máis información

cifp.vilamarin@edu.xunta.gal  
cifp.carballeira@edu.xunta.gal  
ies.chamoso.lamas@edu.xunta.gal

#### Síntesis del proyecto

Desarrollo de una recepción inteligente para establecimientos turísticos, integrando realidad extendida, inteligencia artificial y robótica para mejorar la experiencia de la clientela y optimizar el trabajo del personal, facilitando procesos habituales y permitiendo explorar servicios y recursos turísticos antes de su vivencia.

#### Objetivos

- Modernizar la recepción hotelera con robótica, IA y realidad extendida.
- Optimizar la atención al cliente reduciendo tiempos de espera y personalizando servicios.
- Impulsar la innovación en el sector turístico para mejorar la competitividad.

#### Centros educativos

- CIFP de Vilamarín
- CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel
- IES Plurilingüe Manuel Chamoso Lamas

#### Entidades colaboradoras

- Oca Hotel Vila de Allariz
- Phivehicle
- Binarial Automatización y Robótica
- Diputación Provincial de Ourense
- Instituto Ourenano de desarrollo económico (INORDE)

#### Familia profesional

- Hostelería y turismo
- Industrias alimentarias
- Informática y comunicaciones
- Electricidad y electrónica
- Madera, mueble y corteza

#### Participantes

##### Persoa coordinadora

Alba Quintás Aller

##### Participantes

Alumnado y profesorado de Hostelería y turismo, Industrias alimentarias, Informática y comunicaciones, Electricidad y electrónica y Madera, mueble y corteza

#### Máis información

cifp.vilamarin@edu.xunta.gal  
cifp.carballeira@edu.xunta.gal  
ies.chamoso.lamas@edu.xunta.gal

# IN 07

## Innovación no sector aeronáutico Innovación en el sector aeronáutico

### Síntese do proxecto

O proxecto inclúe o desenvolvemento dun dron con integración da enerxía solar no seu deseño, incorporando un sistema de placas solares que mellora a autonomía do mesmo. Ademais, inclúe a creación dun dron de altas capacidades de carga empregando como enerxía o hidróxeno. Incorporábase un simulador de realidade virtual para a formación en mantemento da turbina dun helicóptero, e complementábase cun centro de control móbil para drones aéreos e acuáticos, centrado na busca de persoas, mellorando a resposta en situacións de emerxencia.

### Obxectivos

- Desenvolver e optimizar tecnoloxías para mellorar a autonomía e eficiencia dos drones mediante a integración de enerxía solar.
- Crear solucións de control e xestión de drones para diversas aplicacións, mellorando a súa operatividade en escenarios reais.
- Formar ao alumnado nas últimas innovacións tecnolóxicas aplicadas ao sector aeronáutico, proporcionándolles as habilidades prácticas demandadas polo sector.

### Centros educativos

- CIFP As Mercedes
- CIFP Aguas Nuevas
- Centro Integrado de FP N°1
- Academia Básica del Aire y del Espacio, La Virgen del Camino
- Institut Pere Martell
- CIFP Villa de Agüimes

### Entidades colaboradoras

- INELSA
- Arousa Fiber
- LucusTech
- Protección Civil Concello de Lugo
- ESIN Ingenieros montajes

### Participantes

#### Persoas coordinadoras

Luis Abelleira Álvarez  
Adrián Fernández Varela  
Alberto Pereira López  
Francisco Javier Taboada Calviño

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Transporte e mantemento de vehículos e Enerxía e auga

#### Máis información

cifp.asmercedes@edu.xunta.gal

### Síntesis del proyecto

El proyecto incluye el desarrollo de un dron con integración de energía solar en su diseño, incorporando un sistema de placas solares que mejora la autonomía del mismo. Además, incluye la creación de un dron de altas capacidades de carga empleando como energía el hidrógeno. Se incorpora un simulador de realidad virtual para la formación en mantenimiento de la turbina de un helicóptero, y se complementa con un centro de control móvil para drones aéreos y acuáticos, centrado en la busca de personas, mejorando la respuesta en situaciones de emergencia.

### Objetivos

- Desarrollar y optimizar tecnologías para mejorar la autonomía y eficiencia de los drones mediante la integración de energía solar.
- Crear soluciones de control y gestión de drones para diversas aplicaciones, mejorando su operatividad en escenarios reales.
- Formar al alumnado en las últimas innovaciones tecnológicas aplicadas al sector aeronáutico, proporcionándoles las habilidades prácticas demandadas por el sector.

### Centros educativos

- CIFP As Mercedes
- CIFP Aguas Nuevas
- Centro Integrado de FP N°1
- Academia Básica del Aire y del Espacio, La Virgen del Camino
- Institut Pere Martell
- CIFP Villa de Agüimes

### Entidades colaboradoras

- INELSA
- Arousa Fiber
- LucusTech
- Protección Civil Concello de Lugo
- ESIN Ingenieros montajes

### Participantes

#### Personas coordinadoras

Luis Abelleira Álvarez  
Adrián Fernández Varela  
Alberto Pereira López  
Francisco Javier Taboada Calviño

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Transporte y mantenimiento de vehículos y Energía y agua

#### Máis información

cifp.asmercedes@edu.xunta.gal

# IN 08

## SUNWIND. Estación de traballo móbil

## SUNWIND. Estación de traballo móbil

### Síntese do proxecto

Desenvolvemento de adestradores para a formación práctica en montaxe, conexión, seguimento, medición, interpretación de datos e resolución de problemas relacionados coa xeración de electricidade a partir de enerxía solar fotovoltaica e eólica.

### Obxectivos

- Crear ferramentas de formación para a montaxe, a conexión e o seguimento de sistemas de enerxía renovable.
- Capacitar o alumnado na interpretación de datos e na resolución de problemas en enerxía solar e eólica.
- Mellorar a formación práctica en sistemas de enerxías renovables.

### Centros educativos

- CIFP Ferrolterra
- CIFP Coroso
- CIFP Politécnico de Santiago

### Entidades colaboradoras

- Javier & Óscar

### Familia profesional

- Enerxía e auga
- Electricidade e electrónica

### Participantes

#### Persoa coordinadora

Marta Pérez Lozano

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Enerxía e auga e de Electricidade e electrónica.

### Máis información

[cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal](mailto:cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal)

### Síntesis del proyecto

Desarrollo de entrenadores para la formación práctica en montaje, conexión, seguimiento, medición, interpretación de datos y resolución de problemas relacionados con la generación de electricidad a partir de energía solar fotovoltaica y eólica.

### Objetivos

- Crear herramientas de formación para el montaje, conexión y seguimiento de sistemas de energía renovable.
- Capacitar al alumnado en la interpretación de datos y resolución de problemas en energía solar y eólica.
- Mejorar la formación práctica en sistemas de energías renovables.

### Centros educativos

- CIFP Ferrolterra
- CIFP Coroso
- CIFP Politécnico de Santiago

### Entidades colaboradoras

- Javier & Óscar

### Familia profesional

- Energía y agua
- Electricidad y electrónica

### Participantes

#### Persoa coordinadora

Marta Pérez Lozano

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Energía y agua y Electricidad y electrónica.

### Máis información

[cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal](mailto:cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal)

# IN 09

## Bomba de calor aerotérmica avanzada: Optimización e eficiencia a 90°C Bomba de calor aerotérmica avanzada: Optimización e eficiencia a 90°C

### Síntese do proxecto

Desenvolvemento dunha bomba de calor aerotérmica de alto rendemento para calefacción e auga quente sanitaria, capaz de alcanzar temperaturas de ata 90°C. O sistema permitirá xestionar enerxías renovables, entre elas a fotovoltaica. Inclúe un sistema de adquisición de datos para analizar o rendemento e maximizar a eficiencia enerxética.

### Obxectivos

- Diseñar unha bomba de calor aerotérmica de alto rendemento que acadase temperaturas de 90°C.
- Mellorar o rendemento das bombas de calor actuais para temperaturas superiores a 60°C.
- Implementar un sistema de adquisición de datos para monitorizar, analizar e optimizar o rendemento do sistema.

### Centros educativos

- CIFP Valentín Paz Andrade

### Entidades colaboradoras

- Estudos Alfa, Ingeniería de Proyectos

### Familia profesional

- Instalación e mantemento
- Enerxía e auga

### Participantes

#### Persoa coordinadora

Alfonso González Docasar

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Instalación e mantemento e Enerxía e auga.

### Máis información

[cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal](mailto:cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal)

### Síntesis del proyecto

Desarrollo de una bomba de calor aerotérmica de alto rendimiento para calefacción y agua caliente sanitaria, capaz de alcanzar temperaturas de hasta 90°C. El sistema permitirá gestionar energías renovables, incluyendo la fotovoltaica. Incluye un sistema de adquisición de datos para analizar el rendimiento y maximizar la eficiencia energética.

### Objetivos

- Diseñar una bomba de calor aerotérmica de alto rendimiento que consiga temperaturas de 90°C.
- Mejorar el rendimiento de las bombas de calor actuales para temperaturas superiores a 60°C.
- Implementar un sistema de adquisición de datos para monitorizar, analizar y optimizar el rendimiento del sistema.

### Centros educativos

- CIFP Valentín Paz Andrade

### Entidades colaboradoras

- Estudios Alfa, Ingeniería de Proyectos

### Familia profesional

- Instalación y mantenimiento
- Energía y agua

### Participantes

#### Persoa coordinadora

Alfonso González Docasar

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Instalación y mantenimiento y Energía y agua.

### Más información

[cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal](mailto:cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal)

# IN 10

## 3D-RECOPLAS: Sistema de impresión 3D para reciclaxe ecolóxica de plástico 3D-RECOPLAS: Sistema de impresión 3D para reciclaje ecológico de plástico

### Síntese do proxecto

Desenvolvemento dun extrusor para impresión 3D de pellets, adaptable a distintas estruturas, como brazos robóticos ou estruturas cartesianas. O extrusor emprega a tecnoloxía de fabricación de gránulos fundidos (FGF), permitindo traballar con materiais en formato granular a alta taxa de deposición, o que posibilita a impresión de pezas de gran tamaño.

### Obxectivos

- Optimizar a reutilización de residuos plásticos mediante tecnoloxía FGF.
- Desenvolver solucións de fabricación aditiva máis eficientes e accesibles.
- Promover a economía circular a través da incorporación de materiais reciclados en procesos produtivos.

### Centros educativos

- IES Politécnico de Vigo

### Entidades colaboradoras

- Galmetec
- Universal Robots Spain
- Binaria automatización y robótica
- Grupo de Enxeñaría de Fabricación. Universidade de Vigo
- Grupo de Enxeñaría de Corrosión e Materiais. Universidade de Vigo

### Familia profesional

- Instalación e mantemento
- Fabricación mecánica
- Electricidade e electrónica

### Participantes

#### Persoa coordinadora

M.<sup>ª</sup> Teresa Prado Cerqueira

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Instalación e mantemento, Fabricación mecánica e Electricidade e electrónica.

### Máis información

ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal

### Síntesis del proyecto

Desarrollo de un extrusor para impresión 3D de pellets, adaptable a distintas estructuras, como brazos robóticos o estructuras cartesianas. El extrusor emplea la tecnología de fabricación de gránulos fundidos (FGF), permitiendo trabajar con materiales en formato granular a alta tasa de deposición, lo que posibilita la impresión de piezas de gran tamaño.

### Objetivos

- Optimizar la reutilización de residuos plásticos mediante tecnología FGF.
- Desarrollar soluciones de fabricación aditiva más eficientes y accesibles.
- Promover la economía circular a través de la incorporación de materiales reciclados en procesos productivos.

### Centros educativos

- IES Politécnico de Vigo

### Entidades colaboradoras

- Galmetec
- Universal Robots Spain
- Binaria automatización y robótica
- Grupo de Ingeniería de Fabricación. Universidad de Vigo
- Grupo de Ingeniería de Corrosión y Materiales– Universidad de Vigo

### Familia profesional

- Instalación y mantenimiento
- Fabricación mecánica
- Electricidad y electrónica

### Participantes

#### Persoa coordinadora

M.<sup>ª</sup> Teresa Prado Cerqueira

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Instalación y mantenimiento, Fabricación mecánica Electricidad y electrónica.

### Máis información

ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal

# IN 11

## CNC gravador con software libre CNC grabador con software libre

### Síntese do proxecto

Diseño e fabricación dun CNC gravador que permita introducirse no manexo e na programación dun CNC e na programación CAM empregando software libre, e no mantemento deste tipo de maquinaria.

### Obxectivos

- Diseñar, fabricar e pór en funcionamento un CNC gravador controlado mediante software libre.
- Implementar software libre para deseño CAD, programación CAM e control.
- Desenvolver un sistema CNC eficiente, seguro e económico, mantendo a súa completa funcionalidade.

### Centros educativos

- IES Politécnico de Vigo
- IES Punta Candieira
- CIFP Coia

### Entidades colaboradoras

- Elmat

### Familia profesional

- Instalación e mantemento

### Participantes

#### Persoa coordinadora

María del Mar Castrillón González

#### Participantes

Alumnado e profesorado de Instalación e mantemento.

### Máis información

[ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal](mailto:ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal)

### Síntesis del proyecto

Diseño y fabricación de un CNC grabador que permita introducirse en el manejo y programación de un CNC mediante y en la programación CAM empleando software libre, y en el mantenimiento de este tipo de maquinaria.

### Objetivos

- Diseñar, fabricar y poner en funcionamiento un CNC grabador controlado mediante software libre.
- Implementar software libre para el diseño CAD, programación CAM y control.
- Desarrollar un sistema CNC eficiente, seguro y económico, manteniendo su completa funcionalidad.

### Centros educativos

- IES Politécnico de Vigo
- IES Punta Candieira
- CIFP Coia

### Entidades colaboradoras

- Elmat

### Familia profesional

- Instalación y mantenimiento

### Participantes

#### Persoa coordinadora

María del Mar Castrillón González

#### Participantes

Alumnado y profesorado de Instalación e mantemento.

### Máis información

[ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal](mailto:ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal)

# IN

---

## 12

### Innovación no sector da construción sostible

#### Innovación en el sector de la construcción sostenible

##### Síntese do proxecto

O proxecto integra fotogrametría aérea con drones equipados con cámaras de alta resolución e escaneo 3D mediante tecnoloxía láser para a dixitalización precisa de edificacións. A información recollida permite a creación dun modelo BIM completo, permitindo optimizar a xestión e planificación das infraestruturas mediante unha representación virtual precisa e detallada.

##### Obxectivos

- Implantar a fotogrametría aérea e a dixitalización 3D mediante nubes de puntos como ferramenta innovadora para mellorar a formación do alumnado.
- Fomentar o traballo colaborativo en BIM e Revit, proporcionando ao alumnado competencias avanzadas en ferramentas dixitais para a planificación e xestión eficiente de proxectos construtivos.

##### Outros:

- Aplicar tecnoloxías dixitais na construción, empregando fotogrametría con drones e escaneo 3D para xerar nubes de puntos precisas.
- Desenvolver modelos BIM detallados en Revit, optimizando a planificación e xestión das infraestruturas.
- Formar ao alumnado no manexo de nubes de puntos e BIM, mellorando as súas competencias en dixitalización e análise de proxectos.

##### Centros educativos

- CIFP Someso
- CENIFER Navarra
- CIFP Tecnolóxico Industrial de León

##### Entidades colaboradoras

- Grupo Atlante
- Compass Solutions
- Finsa
- Gradermetic

##### Familia profesional

- Edificación e Obra Civil
- Fabricación Mecánica
- Madeira Moble e Cortiza

##### Participantes

###### Persoas coordinadoras

Alberto Carro Erias  
 Marcos Seijo Miramontes  
 José Antonio Sumay Rey  
 Pablo Ferreiro Lorenzo  
 Monica Pérez Vazquez

###### Participantes

Alumnado e profesorado de Edificación e obra civil, Fabricación mecánica e Madeira, moble e cortiza

##### Máis información

[cifp.someso@edu.xunta.gal](mailto:cifp.someso@edu.xunta.gal)

##### Síntesis del proyecto

El proyecto integra fotogrametría aérea con drones equipados con cámaras de alta resolución y escaneo 3D mediante tecnología láser para la digitalización precisa de edificaciones. La información recogida permite la creación de un modelo BIM completo, permitiendo optimizar la gestión y planificación de las infraestructuras mediante una representación virtual precisa y detallada.

##### Objetivos

- Implantar la fotogrametría aérea y la digitalización 3D mediante nubes de puntos como herramienta innovadora para mejorar la formación del alumnado.
- Fomentar el trabajo colaborativo en BIM y Revit, proporcionando al alumnado competencias avanzadas en herramientas digitales para la planificación y gestión eficiente de proyectos constructivos.

##### Otros:

- Aplicar tecnologías digitales en la construcción, empleando fotogrametría con drones y escaneo 3D para generar nubes de puntos precisas.
- Desarrollar modelos BIM detallados en Revit, optimizando la planificación y gestión de las infraestructuras.
- Formar al alumnado en el manejo de nubes de puntos y BIM, mejorando sus competencias en digitalización y análisis de proyectos.

##### Centros educativos

- CIFP Someso
- CENIFER Navarra
- CIFP Tecnolóxico Industrial de León

##### Entidades colaboradoras

- Grupo Atlante
- Compass Solutions
- Finsa
- Gradermetic

##### Familia profesional

- Edificación y Obra Civil
- Fabricación Mecánica
- Madera Mueble y Corcho

##### Participantes

###### Personas coordinadoras

Alberto Carro Erias  
 Marcos Seijo Miramontes  
 José Antonio Sumay Rey  
 Pablo Ferreiro Lorenzo  
 Monica Pérez Vazquez

###### Participantes

Alumnado y profesorado de Edificación y obra civil, Fabricación mecánica y Madera, mueble y corcho

##### Máis información

[cifp.someso@edu.xunta.gal](mailto:cifp.someso@edu.xunta.gal)

# IN 13

## Banco de ensaios para amortecedores: Dixitalización e análise dinámica Banco de ensayos para amortiguadores: Digitalización y análisis dinámico

### Síntese do proxecto

Deseño e fabricación dun banco de ensaio para amortecedores de vehículos, permitindo da extracción e a análise gráfica de datos. O sistema facilitará a interpretación dos resultados para realizar reparacións, axustes e reaxustes en función dos valores obtidos.

### Obxectivos

- Dixitalizar e analizar os sinais do estado do amortecedor en tempo real mediante un dinamómetro específico.
- Mellorar o diagnóstico e o mantemento preventivo a través da visualización e da interpretación gráfica dos resultados.
- Optimizar o rendemento dos amortecedores mediante axustes baseados nos datos obtidos.

### Centros educativos

- CIFP Coroso

### Entidades colaboradoras

